




DE CAMARIÑAS AO CABO VILÁN

Adela Leiro, Mon Daporta
febreiro 2020



Distancia: 10 km (lineal)
Dificultade: baixa



Vista do porto e vila de Camariñas.



En Camariñas hai unha importante actividade de “palilleiras”, fonte de recursos e atractivo desta zona. Hai un museo do encaixe e obradoiros para formar á xente moza.

Vista da ría de Camariñas desde o monte Farelo



Unha camiñada para ver de preto a parte de fóra da ría de Camariñas seguindo o traxecto da senda do litoral e deixándonos levar pola curiosidade, aquí e alá, fóra da ruta marcada, e visitar un dos lugares emblemáticos da costa da morte -o primeiro faro activado por corrente eléctrica, Sitio de Interese Nacional desde 1933, que tamén acolle un museo e centro de interpretación dos naufraxios, os faros e os sinais marítimos- e a súa espectacular contorna.

PERCORRIDO

Comezamos na vila e camiñamos pola rúa de enriba do porto desde onde temos unha panorámica da localidade, do porto e da ría, con Muxía de fronte, para chegar á **punta do Castelo**, rodear as ruínas do **castelo do Soberano**, ao pé do faro, descubrir un seo con cantís de pouca altura, coídos e un abrigo ao abeiro da **punta Villoeira**, e seguindo o único camiño posible, collemos o desvío á EDAR para deixalo enseguida e continuar polo camiño de terra ata que, no momento de saír del, collemos un desvío á esquerda, cara abaixo, para ir aos **coídos de Portocelo** e á **punta Villoeira**, ocupada polos restos dunha cetárea, onde hai outro sinal luminoso, e desde alí, por un carreiro pola beira do mar, pasamos só rochedo, ata o **coído dos Boliños da Fortuna**, e máis rochedo ata a **punta Fieital**, onde se atopan os restos de outra cetárea. Neste punto o mato e os peches das parcelas non deixan seguir pola beira e temos que coller, para atrás, o camiño de acceso á cetárea, uns 150 m, ata onde enlaza coa ruta litoral de Camariñas para seguir, á esquerda, por ela e baixar ao recollido **seo do Lago**, con praia e vexetación dunar, ao abrigo do **monte Farelo** e protexido polo **Corveiro do Lago**. No final da praia seguimos o camiño da beira para, ao pouco, desviarnos á dereita, porque o camiño que segue pola beira remata un pouco máis adiante, e seguir a senda do litoral que sube cara ao campo de fútbol, na que, no alto, hai un desvío á esquerda que nuns 300 m nos leva ao cume do monte, onde se atopa a **ermida da Nosa Señora do Monte**, desde onde temos un novo punto de vista sobre o espazo percorrido e unha ampla panorámica do que nos queda por diante. A ruta segue por un bo camiño preto da beira do mar do que saen numerosos carreiros para achegarse aos puntos máis destacados (cantís, coídos,...) e imos pasando pola **punta Cachifarro**, **A Caberta**, **A Coenda**, **O Castelete**, **O Soto**, **O Home Morto**, **O Coidal das Castañas** e outros coídos, **A Betanceira**, **A Laxe do Mar**... achegándonos a cada paso ao punto final do percorrido que vai gañando presenza e monumentalidade. Seguimos o camiño entre a piscifactoría e o mar ata a **punta Esperillo** onde queda ao descuberto toda a magnitude do cabo, os cantís verticais de ata 70 m de altura e a impresionante composición do conxunto de cor rosada enfrontado ao mar.

Desde aquí, para rematar, xa só queda subir a costa que nos leva ao seu pé.

Para a volta o camiño máis curto é pola estrada, uns 4,5 km. Na ida puidemos percorrer entre 8 e 10 km dependendo dos desvíos e das voltas que fixeramos.




Portocelo



Castelo do Soberano e farola



Punta do Castelo



Punta Villoeira



Boliños da Fortuna co monte Farelo ao fondo



Punta Fieital



Praia de Lago e Corveiro do Lago



Punta do monte Farelo



Ínsua e punta da Galera



O Niño do Corvo



Punta Cachifarro



A Caberta



O Castelete



A Coenda



Seo do Home Morto



Coidal das Castañas.



A Betanceira



Laxe da Auga



Punta Esperillo



Coído do Vilán

CABO VILÁN. Un farallón formado na súa maior parte de rochas graníticas de cor vermella (granito de dúas micas) acompañado de xistos e cuarcitas con cantís de ata 80 m de altura. No extremo do cabo atópanse os illotes de Vilán de Terra e Vilán de Fóra
Foi declarado Sitio Natural de Interese Nacional en 1933.
A pesar de ser un dos espazos protexidos máis emblemáticos de Galiza sufriu algunhas alteracións pouco axeitadas ao seu valor natural e paisaxístico como a construción dun parque eólico e unha piscifactoría.



Faro e cantil de Cabo Vilán. O faro de Cabo Vilán inaugurado en 1854 e posteriormente renovado, foi o primeiro do estado en ter luz eléctrica (desde 1896).



Curiosa rocha en Cabo Vilán coñecida co nome da Moa.




Illotes de Vilán de Terra e Vilán de Fóra



Herba de namorar cunha típica forma compacta e redondeada para adaptarse ás duras condicións dos cantís.



Coído da Amela



Araos dos cons (*Uria aalge*). Ave outrora común, pero cada día máis escasa na costa galega. Aniñaban nos illotes de Cabo Vilán.